

Máis vale previr que lamentar

Para estar seguro,  confía no teu corredor.

O teu corredor de seguros sempre te informa... Se non estás seguro, búscanos

Os seguros e o derrubamento de Carabanchel. Facer sempre o correcto.



O pasado luns 3 de agosto os veciños da rúa Duquesa de Tamames número 5 (no barrio madrileño de Carabanchel) foron desaloxados dos seus fogares antes de que o edificio se derrubase ás 9 da mañá. Fora construído en 1964 e pasara a ITE (Inspección Técnica de Edificios) en 2012. Detectaron defectos na fachada, que debían emendarse, pero ningún dano estrutural.

Máis tarde, durante o mes de xuño deste mesmo ano, descubriron unhas profundas gretas nas paredes. Segundo os expertos, o certo é “que os inmobles avisan con tempo”.

Os veciños que tiñan contratado un seguro de Fogar, percibiron unha cantidade diaria da súa aseguradora para poder realoxarse nun hotel. O resto de persoas foron recolocadas polo concello de Madrid.

Afortunadamente isto é un feito excepcional, pero... e que máis pode pasar no teu edificio?

Pois moito máis: incendios, roturas, danos por auga e fenómenos climatolóxicos adversos, actos malintencionados ou vandálicos, avaría de maquinaria e un longo etcétera.

Non te preocupes! Nesta vida case todo ten remedio e estes problemas tamén.

O “seguro de comunidade” non é legalmente obrigatorio, pero SI absolutamente imprescindible, porque cando empezan a torcerse as cousas, a veciñanzaponse nerviosa e ninguén recoñece a culpa de nada, e ao final, quen paga?

Para iso, inventouse este seguro que **cobre moitas das incidencias en bens e propiedades da túa comunidade de propietarios.**

Que debes pedirle a un bo seguro de comunidade?

Que se adapte ás necesidades do teu edificio.

Que teña a responsabilidade civil para protexer os danos que poidan causarse a terceiros.

Que che preste **asistencia permanente.**

Que actualice o valor do capital asegurado para que pagues o prezo xusto.

Reclamación a propietarios por non pagamento de gastos.

Desatascamentos de canalizacións comunitarias...

É importante que, como propietario nunha comunidade, te preocupes de que exista un seguro adecuado, para que che permita vivir máis tranquilo ante calquera incidencia.

Boletín Mensual
Nº 30 / Agosto 2015

“Nin fomos a Bora-Bora, nin perdemos o diñeiro. Grazas seguro de Cancelación de Viaxes!”

Hai 8 meses que deseñaches a viaxe dos teus soños: 10 días en Bora-Bora con “todo incluído”. Como fixeches a reserva con moita antelación aforraches un 20% do custo total. Pero... agora, de súpeto e despois dunha dura entrevista de traballo, ofertáronche un posto que non podes rexeitar.

Que pasa cando cancelas unha viaxe?

Se contrataches un seguro de Cancelación de Viaxes, podes estar máis tranquilo xa que a túa póliza pode ter en conta os gastos de anulación de viaxe non iniciada.

Pero se non tes este seguro, deberás pagar os gastos da viaxe, os de xestión, máis unha indemnización para a axencia de viaxes, cuxo importe está fixado por lei e depende da antelación con que anules. Oscila entre o 5% (15 días antes) e o 25% (dentro das 48 horas anteriores).

Ademais, trátase dun tipo de seguro que polo custo que ten nos pode interesar.

Recomendacións

A maioría realizamos as reservas con antelación. Non obstante, a euforia do momento impídenos pensar en anulacións imprevistas. De feito, o 90% dos viaxeiros non contrata un seguro de

Cancelación e despois chegan as lamentacións.

Como o teu corredor, recoméndoche contratar este seguro en 2 supostos:

- **Cando o reservas con moito tempo.**
- **Cando a túa situación é complexa.** Se estás nun momento de incerteza persoal ou profesional, anticiparte demasiado pode ser contraproducente, salvo que cubras os riscos con este tipo de pólizas.

Non o contrates se fas unha reserva de “última hora”. Probablemente non xurdirán incidencias e moitos destes seguros unicamente teñen validez se transcorren polo menos 72 horas entre a contratación da póliza e a cancelación da viaxe.

Enfermidade grave, accidente, falecemento, despedimento laboral, prexuízos graves no teu domicilio ou negocio... Son múltiples as causas inesperadas que poden cancelar as túas viaxes persoais ou profesionais. Que non che afecte tamén ao peto!

Máis vale previr que lamentar

Boletín Mensual / Nº 30 / Agosto 2015

Volve ao “colexio” segur@



Libros para o próximo curso, roupa folgada porque os rapaces medraron e calzou novo que aguante ben o inverno. Os nosos fillos volven ao colexio e nós á rutina. Queremos que teñan desprazamentos seguros. **Se vas andando**, o camiño máis curto non sempre é o mellor. Ás veces compensa camiñar un pouco máis e evitar o tráfico ou cruzamentos conxestionados.

Ao colexio en bus

Case 17.000 autobuses españois realizan transporte escolar. **Os momentos máis críticos son os da subida e baixada do autobús.** De feito, o 90% dos accidentes acontecen nestas circunstancias, e é a distracción a principal causa dos atropelos.

Unha vez dentro do autobús, é moi importante levar posto o cinto de seguridade. Segundo a DXT, “9 de cada 10 lesións infantís, graves ou mortais, poderían evitarse utilizando este tipo de dispositivo”.

Os pais debemos esixir que os autobuses colexiais teñan menos de 16 anos, estean sinalizados cun indicativo de transporte escolar diante e detrás e que no piso do vehículo non se esvare. **E, moi importante!, debe viaxar un acompañante cando unha terceira parte dos pasaxeiros sexan meno-**

res de 16 anos, e sempre que haxa menores discapacitados.

Ao colexio en coche

Os nenos irán correctamente sentados e co cinto de seguridade posto. Se miden menos de 1,35 metros estarán sentados sobre un elevador ou cadeira de retención infantil. A DXT indica que **os sistemas de retención evitan o 70% das mortes ou lesións graves en nenos.**

Os fabricantes de coches recomentan instalar a cadeira en sentido contrario ata os 2 ou 4 anos. As cadeiras homologadas deben incorporar un arnés con 5 puntos de ancoraxe que evite desprazamentos inferiores.

Coidado co coxín de seguridade!

Pode causar lesións moi graves porque ao abriarse provocan o desprazamento dos pequenos.

E nunca esquezas este dato: **a 50 km/h un neno de 20 quilos sen suxeición, golpeará o parabrisas cunha potencia equivalente a 500 quilos.** Así que toma todas as precaucións posibles.

Tamén é fundamental que teñas un bo seguro de automóbil, sabes que algunha vez o vas utilizar e non queres sorpresas; xa que viaxan nel as persoas que máis che importan.

“Somnolencia ao volante, perigo constante”


Saes de viaxe, onte á noite cargaches o coche e hoxe erguicheste ás catro e media da mañá para viaxar fresquiño. Todos nos seus postos, listos... Arrancas! Aínda non é de día, pero non che importa conducir de noite. Amencerá nun anaco. Es condutor prudente e vaste deter nun par de horas para almorzar e descansar. Pero... “*Vaia... son as seis e media e todo está pechado. Un pouco máis... As sete. Segue pechado e empeza a amencer. Outro pouquiño de viaxe...*” – Pestanexas e bocexas.

PERIGO! É recomendable non conducir entre as dúas e as seis da madrugada e a unha e as catro da tarde. Son as peores horas para iso, pois o corpo reláxase, invádete a somnolencia e o risco de accidentes multiplícase. Ata canto? Ata converterse na cuarta causa de mortalidade nas estradas españolas. Está relacionada entre un 20-30% cos accidentes de tráfico.

O importante non é chegar antes, senón chegar ben.

Un estudo realizado con condutores indica que o descanso e a inxestión de café mellora o tempo de reacción ao volante, pisanse menos liñas da estrada e baixa a sensación de somnolencia. **Un condutor fatigado toma decisións incorrectas. Se descansa e toma café o seu tempo de reacción será un 7,7% máis rápido.**

Como o teu corredor de seguros, aconséllоче que graves o teléfono de asistencia no teu móbil para que esteas ben preparado ante calquera imprevisto.



RECOMENDACIÓN

CORREDORES

DE SEGUROS

Honestidade



Compromiso